

Tarefas CS 5ºB. Semana 11-15 Maio.

ATENCIÓN: Esta ficha é para entregar.

Correo : Colexioflavia1@gmail.com.

-Deben estar feitas no cuaderno.

- Destacando os enunciados e deixando espazos.

-Escribir con letra ben clara.

- Importante! Non esquezas poñer o nome, apelidos e tamén o nº de lista na parte superior dereita.

Tarefa 1

Indica se estas frases se refiren ao tempo atmosférico, ao clima ou aos factores atmosféricos:

Temperatura que indica o quente ou frío que está o aire.

Estado da atmosfera nun lugar e nun momento determinado (breve).

Conxunto de condicións atmosféricas que caracterizan unha zona da Terra durante un período longo de tempo (30 anos).

Presión que exerce o aire sobre a superficie da Terra.

Vento ou aire en movemento.

Cantidade de vapor de auga que hai no aire.

Precipitacións en forma de chuvia, neve ou sarabia.

Tarefa 2

Explica se estas frases se refieren ao clima ou ao tempo atmosférico:

1. Está moi mal día.....

2. Aquí os veráns son moi calorosos.....

3. As temperaturas son suaves ao longo do ano.....

4. Fai un frío que pela!!.....

Tarefa 3

Imaxina que foches facer unha viaxe de intercambio a un pobo de Islandia.

Escrebe unha carta a túa familia explicando como é a paisaxe e como vive a xente.